

Expediente: 2026/7856A

RESOLUCIÓN

Pagamento anticipado ás entidades locais beneficiarias do Programa de cooperación BenOurense Infancia para a concesión de subvencións para Puntos de Atención á Infancia (PAI) para o exercicio 2026

Unha vez visto o Informe técnico da Área de Benestar, de data 7 de agosto de 2026, referente ao libramento de contías ás entidades locais, en concepto de pagamento anticipado, correspondente ao 80 % da subvención concedida polo Programa de cooperación BenOurense Infancia – PAI 2026.

Unha vez vista a Resolución de Presidencia núm. 2026/11960, do 6 de agosto de 2026, do Programa de cooperación BenOurense Infancia para a concesión de subvencións para Puntos de Atención á Infancia (PAI) para o exercicio 2026.

Considerando o previsto nas bases reguladoras do Programa de cooperación BenOurense Infancia para a concesión de subvencións a Puntos de Atención á Infancia- PAI para o exercicio 2026, publicadas con carácter definitivo no BOP núm. 121, do 30 de xuño de 2026, concretamente o recollido no apartado 1) da base sexta das bases reguladoras, procedeuse ao cálculo das contías que corresponde aboarlles ás entidades locais en concepto de pagamento anticipado.

Cúmprese co disposto no artigo 88.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

Polo exposto, DISPOÑO:

1. Se proceda ao aboamento das contías reflectidas a continuación aos concellos en concepto de pagamento anticipado do 80% do importe máximo total da subvención prevista:

	N.º EXPEDIENTE ADHESIÓN	ENTIDADE LOCAL	CENTRO PAI	CONTÍA CONCEDIDA	CONTÍA A ABOAR PAGO ANTICIPADO
1	2026/12405T	Avión	PAI Ruliños	14.150,94 €	11.320,75 €
2	2026/11357X	Boborás	PAI de Boborás	14.150,94 €	11.320,75 €
3	2026/12135Y	Carballeda de Valdeorras	PAI de Carballeda de Valdeorras	11.320,75 €	9.056,60 €
4	2026/11395W	Melón	PAI de Melón	14.150,94 €	11.320,75 €
5	2026/12136F	Peroxa, A	PAI da Peroxa	11.320,75 €	9.056,60 €
6	2026/11093E	Ramirás	PAI de Ramirás	14.150,94 €	11.320,75 €
7	2026/12406R	Ribadavia	PAI Ribadavia	11.320,75 €	9.056,60 €
8	2026/11090L	Ríós	PAI Concello de Ríós	14.150,94 €	11.320,75 €
9	2026/11232T	San Cristovo de Cea	PAI de San Cristovo de Cea	14.150,94 €	11.320,75 €
10	2026/12141N	Vilar de Santos	PAI Vilar de Santos	14.150,94 €	11.320,75 €
11	2026/12142J	Vilariño de Conso	PAI Vilariño de Conso	16.981,13 €	13.584,90 €
				149.999,96 €	119.999,97 €

2. Publicar esta resolución na sede electrónica da Deputación de Ourense para xeral coñecemento.

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

Publícase isto e advírtese que contra o dito acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán formular requirimento de anulación, previo ao recurso contencioso –administrativo, ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de dous meses, ou, alternativamente e de forma directa, un recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Ourense (ou outro que resultase territorialmente competente en aplicación das regras establecidas no artigo 14 da Lei reguladora da xurisdición contencioso – administrativa), igualmente no prazo de dous meses. En ningún caso poderán simultanearse ambos os dous recursos.

Os prazos computaranse de data a data a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, vencendo no día equivalente do mes natural seguinte ou, de non existir este, no

último día do dito mes. No caso de que o día de vencemento sexa inhábil, entenderase prorrogado o dito prazo ao primeiro día hábil seguinte.

Durante o mes de agosto non correrá o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo, salvo para o procedemento para a protección dos dereitos fundamentais no que o mes de agosto terá carácter de hábil.

Non obstante o anterior, poderá interpoñer calquera outro recurso ou acción administrativa ou xudicial que estime procedente.